

PLAN DE IGUALDADE

CURSO 2021-22

IES FIN DO CAMIÑO

COORDINACIÓN: EQUIPO DIRECTIVO E  
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

---

INDICE

1. INTRODUCCIÓN e contextualización NORMATIVA XERAL .....	2
1.1. FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA .....	2
1.2. MARCO NORMATIVO .....	3
2. CONTEXTUALIZACION NORMATIVA E DO CENTRO .....	7
3. ANALISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA .....	7
3.1. FORTALEZAS DO CENTRO.....	7
3.2. DEBILIDADES E AVALIACIÓN DE NECESIDADES A RESPONDER PARA O PRESENTE CURSO ESCOLAR .....	10
4. OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE IGUALDADE.....	11
4.1. OBXECTIVOS XERAIS .....	11
4.2. PRINCIPAIS ÁREAS DE INTERVENCIÓN A NIVEL XERAL .....	11
5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN PARA O CURSO 2021-22 .....	13
5.1. MEDIDAS XERAIS OBRIGATORIAS PARA O PRESENTE CURSO ESCOLAR.....	13
5.2. MEDIDAS ORGANIZATIVAS DE CENTRO.....	14
5.3. MEDIDAS PARA A ELIMINIZACIÓN DE ESTEREOTIPOS DE XÉNERO .....	14
5.4. XESTIÓN DE ESPAZOS, RECURSOS E OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO .....	15
5.5. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA CONVIVENCIA ESCOLAR: .....	15
6. TEMPORALIZACIÓN E RECURSOS.....	15
7. CRITERIOS E INDICADORES PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN .....	16

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA XERAL

### 1.1. FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA

A igualdade entre mulleres e homes constitúe e un principio reitor das sociedades democráticas, e así se recolle en multitude de normas de ámbito internacional, estatal e autonómico. A lexislación educativa, que vehicula as políticas públicas en materia de igualdade dirixidas aos centros educativos, inspírase no marco legal antedito. A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, manifesta no seu preámbulo que a educación é o medio de transmitir e de renovar a cultura e o acervo de coñecementos, así como os valores que a sustentan. Un dos principais fins que se persegue é a formación no respecto dos dereitos, das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas. O artigo 1 desta lei establece como principio da educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. E o artigo 2 establece que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres”. Os decretos de currículo desenvolven estes principios. Para impulsar o modelo de escola co educativa, a Consellería de Educación, Universidade Formación Profesional (en diante CEUFP), xunto coa Secretaría Xeral da Igualdade, aprobou o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016- 2020, para desenvolver o principio de igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero.

Por todo isto, segundo a Instrución do 6 de setembro do 2019 para a elaboración de plans de igualdade nos centros educativos, é preciso elaborar un plan de igualdade no curso 2019-20 co obxectivo de organizar as propostas de traballo dos centros educativos que concrete as medidas de actuación para o presente curso escolar que van a levar a acadar os obxectivos coeducativos.

**O que aquí se establece é o plan de igualdade xeral de igualdade así como as concreción que dentro de este se establecen para o presente curso escolar, tendo en conta que este ano terá lugar a fase de diagnóstico da situación actual do centro ,dos diferentes contextos nos que hai ou non hai igualdade efectiva entre homes e mulleres analizando espazos, materiais e documentos.**

**Os datos e resultados de esta análise durante o curso escolar, 2020-21, servirán de partida para marcar as liñas e medidas de actuación para o Plan de Igualdade xeral a realizar en varios cursos académicos e, despois da súa aprobación, a inclusión no Proxecto Educativo do centro, concretando na PXA un plan anual de igualdade para cada curso que concrete as medidas de actuación que se van propoñer para acadar os obxectivos co educativos,**

Para a elaboración deste Plan de igualdade tivéronse en conta os seguintes principios, nos que se sustentan todos e cada un dos eixes de actuación:

- ✓ **Valores democráticos:** A coeducación constitúe un modelo educativo que garante os valores sobre os que sustentan as sociedades democráticas (igualdade, liberdade, xustiza) pois garante a defensa dos dereitos humanos.
- ✓ **Transversalidade :** a igualdade de xénero debe integrarse no proxecto educativo como un principio transversal presente en toda actividade educativa. Inclusión
- ✓ **Sociedade igualitaria:** a construción dunha sociedade na que homes e mulleres

sexan iguais e a aplicación da perspectiva de xénero , empregando a educación como medio para combater calquera situación de discriminación do alumnado por razón de sexo, xénero, identidade de xénero ou orientación sexual.

- ✓ **Igualdade de oportunidades:** O centro educativo axuda á construción dunha sociedade libre na que mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional.
- ✓ **Visibilidade e violencia O nas aulas e na sociedade.** O plan de igualdade contribúe a transmitir un coñecemento libre de estereotipos que favorece a identificación e o recoñecemento de todos os saberes máis alá do xénero. É imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.
- ✓ **Inclusión e integración da diversidade.** A educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual.

### 1.2. MARCO NORMATIVO

#### A NIVEL XERAL:

O desexo de construción dunha sociedade igualitaria por razón de xénero non nace só da vontade das autoridades públicas, senón que ademais ten un marco normativo, tanto estatal como autonómico, no que se ampara.

A Constitución española de 1978 supuxo a promulgación dos principios de igualdade e de non discriminación, que se foron desenvolvendo xuridicamente a través das diferentes normas, así como a través das diversas estratexias de loita contra a violencia de xénero. Ademais recoñeceu no artigo 14 a igualdade ante a lei por razón de sexo, pero, máis alá dese recoñecemento formal, estableceuse no artigo 9.2 que é unha obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva e, de xeito moi similar, o noso Estatuto de autonomía atribúelles a mesma obriga aos poderes públicos no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, de tal xeito que a promoción da igualdade debe estar presente en toda a actividade administrativa autonómica e en concreto na que ten que ver coa regulación e co fomento da educación, materia na que tamén o Estatuto atribúe competencia plena á nosa Comunidade Autónoma en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades sen prexuízo do disposto na Constitución e nas leis orgánicas para a competencia estatal.

No marco da Unión Europea, a igualdade entre homes e mulleres constitúe un dos principios de actuación das institucións comunitarias que deben ter presente en todas as súas accións. Isto figura recollido no artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. No eido concreto da educación a *Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes despois de 2015* considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

---

#### ÁMBITO ESTATAL

No ámbito estatal o preámbulo da *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, xa pon de manifesto que a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar, a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan. Así, un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas.

Deste xeito, calquera órgano con competencias relacionadas coa educación pode exercer unha importante influencia en cuestións que atinxen á consecución da igualdade de xénero.

O artigo 1 da *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio*, de educación, establece como principio da educación “**o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero**”. No artigo 2 dise que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “**educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)**”.

Esta importancia concedida á educación queda recollida na *Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero*, que enfoca a violencia de xénero dun xeito integral e multidisciplinar que comeza polo proceso de socialización e de educación. Así, no título I determínanse as medidas de sensibilización, prevención e detección e intervención nos diferentes ámbitos. No educativo, especificanse as obrigas do sistema para a transmisión de valores de respecto á dignidade das mulleres e á igualdade entre homes e mulleres.

A *Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo*, para a igualdade de mulleres e homes establece:

*-Artigo 23. A educación para a igualdade de mulleres e homes.* O sistema educativo incluírá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Así mesmo, o sistema educativo incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros.

## PLAN XERAL DE IGUALDADE PARA O CURSO 2021-22

*-Artigo 24. Integración do principio de igualdade na política de educación. As administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes. Desenvolverán, con tal finalidade, as seguintes actuacións:*

- ✓ A atención especial nos currículos e en todas as etapas educativas ao principio de igualdade entre mulleres e homes.
- ✓ A eliminación e o rexeitamento dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial consideración a iso nos libros de texto e materiais educativos.
- ✓ A integración do estudo e aplicación do principio de igualdade nos cursos e programas para a formación inicial e permanente do profesorado.
- ✓ A promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes.
- ✓ A cooperación co resto das administracións educativas para o desenvolvemento de proxectos e programas dirixidos a fomentar o coñecemento e a difusión, entre as persoas da comunidade educativa, dos principios de coeducación e de igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- ✓ O establecemento de medidas educativas destinadas ao recoñecemento e ensino do papel das mulleres na Historia".

---

### ÁMBITO GALEGO

A *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero* recolle no seu **título I**, Prevención da violencia de xénero, **capítulo III, Medidas no ámbito educativo**. No ámbito estritamente educativo, cómpre destacar a *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*. No capítulo III do título III contén unha novidade: por primeira vez abórdase no plano legislativo o tratamento das situacións de acoso escolar. Inclúe a definición destas situacións, que se leva a cabo de acordo cos criterios xeralmente admitidos pola comunidade pedagóxica e inclúe a problemática derivada do mal ou inadecuado uso das novas tecnoloxías, ás que esta lei presta unha especial atención. En segundo lugar, conságranse os principios de protección integral das vítimas e de primacía do interese destas no tratamento do acoso escolar, dirixidos especificamente a superar a práctica segundo a cal a única solución que admiten estas situacións é o traslado de centro docente da vítima, mentres os acosadores ven triunfar, en certo xeito, a súa actitude antisocial e contraria á convivencia. Así mesmo, refire o principio de igualdade entre mulleres e homes en varios apartados do seu articulado: artigo 3, Fins e principios informadores das normas sobre convivencia nos centros docentes; artigo 10. Plan de convivencia e normas de convivencia.

## PLAN XERAL DE IGUALDADE PARA O CURSO 2021-22

Pola súa parte, o *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, que ten por obxecto regular a atención á diversidade do alumnado, coa finalidade de facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumna e alumno e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos nas ensinanzas establecidas na citada lei.

Cómpre engadir a publicación do *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*. Este decreto ten por obxecto o desenvolvemento regulamentario do réxime xurídico de convivencia recoñecido na lexislación básica do Estado e na Lei 4/2011, así como dos procedementos de prevención e corrección das condutas que afecten a convivencia nos centros docentes. O disposto no dito decreto será de aplicación en todos os centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que ofrezan algunha das ensinanzas reguladas na lei orgánica educativa en vigor.

As disposicións deste decreto atenden ao establecido na *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia*, coa finalidade de garantir o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais **no ámbito educativo**.

Cabe destacar tamén o Decreto 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto en materia de igualdade na Comunidade Autónoma de Galicia, destacando o currículo regulador do sistema educativo, a erradicación de prexuízos nos centros docentes, así como a inclusión da realízade LGTBI nos plans de estudos.

Ademais da normativa, destaca a aprobación, en 2016, do *I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020*, elaborado e posto en marcha conxuntamente

pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría Xeral da Igualdade. Este plan pon a coeducación e a convivencia escolar na axenda da Administración educativa para o período 2016-2020 e contempla ata seis eixos e actuación, dos cales dous tratan sobre violencia:

*EIXE 5. Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.*

*EIXE 6: Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.*

Finalizado o *VI Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes. Estratexia 2013-2015*, que incluía un eixe estratéxico de actuación centrado na Acción integral para combater a violencia de xénero e outro eixo sobre Cambio de valores e modelos para a igualdade, en 2017 aprobouse o *VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, 2017-*

## PLAN XERAL DE IGUALDADE PARA O CURSO 2021-22

20200 VII Plan contempla un capítulo específico (capítulo 3) para a prevención e tratamento da violencia de xénero con dúas áreas estratéxicas: 1) Sensibilización e prevención, 2) Intervención e integración. Así mesmo, inclúe unha área no capítulo 2, Igualdade na educación e nos valores, cuxo primeiro obxectivo específico é “Avanzar nun modelo educativo baseado na coeducación”.

### 2. CONTEXTUALIZACION NORMATIVA E DO CENTRO .

No curso 2017-18 apróbase o Proxecto educativo de centro, o Plan de Atención a Diversidade e o Plan de Acción tutorial. En todos estes documentos se recollen medidas organizativas relacionadas coa igualdade de xénero :

- Figuran obxectivos coeducativos concretos no Plan de convivencia relacionadas con accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero, establecendo traballo con alumnado dentro de Cibermentoría e Aprendizaxe e Servizo.
- Establecese dentro do PAT accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero, así como a eliminación de estereotipos de xénero e micromachismo e promoción de actitudes de respecto a diversidade sexual e diferentes identidades de xénero..
- Accións encamiñadas a prevención da violencia de xénero, á igualdade e á non discriminación nas normas de organización, funcionamento e convivencia.
- Hai obxectivos coeducativos concretos no Proxecto educativo.  
Todo isto se concreta no apartado seguinte.

Ademais dentro do Plan de Convivencia un dos eixes a traballar nestes últimos cursos foi colaborar con outros centros na temática da convivencia escolar, prevención e resolución de conflitos e a igualdade de xénero xunto coa prevención da violencia de xénero a través da formación de toda a comunidade educativa en temas de igualdade e prevención de todo tipo de discriminación.

E por último destacar a presenza de diferentes actuacións para promover a igualdade dende Proxecto de Biblioteca, do Proxecto Lector, Club de lectura e Plan Anual de Lectura.

Ditas actuacións se concretarán no apartado seguinte.

### 3. ANALISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA

Neste apartado comentar as situacións de partida (as fortalezas e as debilidades do centro) para afrontar os desequilibrios sociais que se dan arredor do xénero, facendo fincapé nas accións positivas que se desenvolveron para superalos.

#### 3.1. FORTALEZAS DO CENTRO



## PLAN XERAL DE IGUALDADE PARA O CURSO 2021-22

No centro escolar dende sempre se traballou a igualdade e a prevención da violencia en xeral e de xénero en particular dentro do contido da creación dunha convivencia positiva (mirar o recorrido histórico no Plan de Convivencia deste centro ); aínda que non estaba recollida como tal dentro dun plan específico de Igualdade, si estaba infusivamente recollida nos documentos de centro, Proxecto Educativo e PXA; no Plan de Orientación en xeral e no Plan de Acción tutorial e no Plan Lector e no traballo diario de Biblioteca.

Dende o curso 2016-17 a introdución da temática da Igualdade entre homes e mulleres dende o departamento se concreta como eixe fundamental no Plan de Orientación e no Plan de Acción tutorial afectando transversalmente toda a comunidade educativa. Ademais neste cursoponse en marcha directamente o orientador unha materia de libre configuración de centro, a saber: *“Intelixencia emocional e para a creatividade”* no grupo de 1ºESO, onde se inclúe a transmisión da igualdade entre homes e mulleres.

No curso 2017-18 aproveitando a renovación do Plan de Acción tutorial se establece un **Programa de Fomento da Convivencia e Educación en Valores. e prevención da violencia de xénero a desenvolver en titorías.** Polo que a partir de ese ano, dentro do Plan de Acción tutorial de establecen actividades e actuacións relacionadas con prevención da violencia de xénero, traballo en control de estereotipos e reflexión do sexismo da sociedade, micro machismos e fomento da cultura da igualdade, loita contra prexuízos e promoción da igualdade de xénero e a incorporación da realidade LGTBI.

Tamén a partir de ese curso e no curso 2018-19 dentro do Plan de Convivencia establececese como un dos obxectivos prioritarios a Igualdade de xénero e educar no respecto á diversidade afectivo-sexual ligada a valores clave de igualdade, pluralidade, diferenza e respecto e a loita contra á eliminación de calquera tipo de discriminación por razóns de xénero.

**En concreto o traballo feito no curso 19-20 se establecen como liñas prioritarias:**

- ✓ **CREAR E PROMOCIONAR A COMISIÓN DE IGUALDADE** do centro con representantes de todos os sectores da comunidade educativa. Dita comisión se creou no curso 18-19, sendo integrantes de ela o profesorado que pertencía o grupo de convivencia e o departamento de orientación, encabezados por Cristina Lego Regal, encargada de Igualdade no centro educativo; así como o alumnado que formaba parte

## PLAN XERAL DE IGUALDADE PARA O CURSO 2021-22

do grupo de Apoio emocional . No curso pasado houbo un parón e este ano debería reactivarse e renovarse, xa que a maioría do profesorado e o alumnado foise do centro

- ✓ **PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO TANTO NAS TITORÍAS (PAT)**, como na materia de *intelixencia emocional*, moi vinculada a esta temática, así como eixe transversal nas distintas materias, nas actividades dinamizadas pola biblioteca.

Dentro do Plan de Igualdade si que se fixo toda a parte de formación do alumnado, pero debido a situación de covid e que no protocolo non se podía xuntar grupo demorouse outro curso a formación do grupo de igualdade, xa que que é importante que participen e compartan experiencias o alumnado de diferentes cursos. En canto o grado de satisfacción a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, afoondando nun modelo de coeducación e introducindo unha perspectiva de xénero promovéronse obradoiros nos catro cursos en colaboración con Concello.

En 1º e 2º os obradoiros desenvolvéronse en novembro co obxectivo de visibilizar a conmemoración do 25 de Novembro. En 2º da ESO a maiores formouse un grupo de alumnas para a prevención, detección e intervención en casos de violencia nas relacións de noivado dentro da materia de Educación Emocional. Nestas dúas accións levadas a cabo o grao de satisfacción foi moi elevado pero a declaración do estado de alarma fixo imposible poder acadar os outros obxectivos propostos.

Destacar que Campaña “Violencia en negro”. Este ano pola situación Covid queda reducido a obradoiro contra a violencia de xénero que se desenvolverán e n todos os centros educativos do pobo quedando 0 23 o día fixado para o noso centro. Nestes obradoiros se traballan os seguintes aspectos:

- quen son eu : facer consciente da diversidade e acompañamento de cada alumno no seu autoconñecemento.
- un proxecto de vida igualitario traballando estereotipos e roles nas diferentes facetas da vida, persoal, familiar , social e profesional
- Vives con outras persoas: identificar as manifestacións reais do maior e afastarse das reunións daniñas e destrutivas

Todos consideran que o profesorado colaborou facilitando información para o seguimento do alumnado.

Destacar tamén o traballo feito en 3º e 4º nos obradoiros de Consentemento Sexual traballando a visión igualdade nos diferentes aspectos afectivo-sexuais. Tamén destacar dentro do POAP de “Dobres Discriminacións” en 1º e 2º o traballo da unidade d e Grandes Profesionais, derrumbando estereotipos” en 3º e 4º . Onde se traballou o fomento de estudos STEM con fin de proporcionar modelos profesionais vitais e diversos que rompan cos roles de xénero e favorezan unha perspectiva aberta, plural e positiva; traballando sobre parcialidade implícita relacionada coas profesións. Polo que respecta aos logros alcanzados destacar que a nivel interdisciplinar aumentou a visibilización do papel da muller en ámbitos científicos, literarios, artísticos, a través das seguintes accións:

- Colocación de carteis para visibilizar a importancia da muller no ámbito científico.
- Visibilizar a figura da muller como pilar fundamental na sociedade.

## PLAN XERAL DE IGUALDADE PARA O CURSO 2021-22

- Iniciouse a elaboración dun catálogo de mulleres escritoras.
- ✓ **VISIBILIZACIÓN DO PAPEL DA MULLER E DA REALIDADE TRANSXÉNERO** nos distintos ámbitos da sociedade e do coñecemento, a través de celebración da datas conmemorativas como o día da nena e muller científica, día da muller traballadora, etc) así como nas distintas materias e mediante a actualización de fondos da biblioteca con material que verse sobre esta temática e temática LGTB. Traballáronse diferentes curtas desta temática co asesoramento da asociación ARELAS en todos os cursos da ESO, con especial colaboración e implicación do alumnado. ( exemplo, dende Convivencia e coa implicación especial dos departamentos de Bioloxía e Física e Química fíxose unha táboa periódica de mulleres científicas ; e dende o Club de Lectura e o traballo do equipo de bibliotecas se renovaron fondos coa temática de igualdade e LGTB así como se promocionaron lecturas de libros con ditas temáticas dende os clubs de lectura que se desenvolven no centro.
- ✓ Dentro do *Proxecto de Biblioteca, do Proxecto Lector, Club de lectura e Plan Anual de Lectura* destaca a a temática de igualdade de homes e mulleres e o respecto a realidade LGTBI como un dos eixes a promocionar en todas as súas áreas de influencia, destacando a entre outras a promoción de libros sobre estas temáticas e creando un novo apartado e recuncho de lecturas sobre ditas temáticas na Biblioteca escolar.

### 3.2. DEBILIDADES E AVALIACIÓN DE NECESIDADES A RESPONDER PARA O PRESENTE CURSO ESCOLAR

De todo o establecido ata aquí pódese deducir que temos traballado o tema da igualdade no contexto centro, aínda que precisamos maior concreción. É importante coñecer dende un enfoque cuantitativo e cualitativo o diagnóstico da situación actual da igualdade no noso centro. Os datos poden servir para marcar as liñas e medidas de actuación do Plan de igualdade para cursos futuros.

Ademais no curso pasado se formou a Comisión de igualdade pero esta non conseguiu ter unha representación ao longo do tempo, xa que este ano moitos dos seus membros non están no centro. Se conseguiron melloras no emprego dunha linguaxe inclusiva no centro pero é importante seguir traballando neste aspecto. E por último sería importante seguir coa formación en igualdade na comunidade educativa , na promoción dunha orientación laboral libre de prexuízos de xénero e realización de actividades dirixidas ao alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario pero non só nestas, senón conseguir que transcendan a elas.

## PLAN XERAL DE IGUALDADE PARA O CURSO 2021-22

Partindo de este marco teórico e da contextualización e as nosas necesidades se establecen a continuación os obxectivos xerais do Plan de igualdade en xeral do IES Fin do Camiño para logo pasar a concretar as actuacións que hai que desenvolver en materia de igualdade para o curso 2019-2020. Nesta concreción anual apareceran as concrecións das actuacións para este curso do futuro Plan Xeral de Igualdade que terá que ser aprobado para a súa incorporación ao Proxecto educativo de centro, concretando anualmente na Programación Xeral Anual

### 4.OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE IGUALDADE.

#### 4.1.OBXECTIVOS XERAIS

1. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES, afondando nun modelo de coeducación e introducir una perspectiva de xénero nas dinámicas educativas do centro. Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver un proxecto vital sen condicionamentos, dende a liberdade e diversidade de opción.
2. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. Facilitar orientación para a súa adaptación e inclusión no plan de convivencia do centro, que permitan a prevención e detección daquelas condutas que se integren na violencia (control, abuso, acoso...). Fomentar actividades de sensibilización, información e intervención para toda a comunidade educativa en ambientes e contextos reais como cibernéticos( redes sociais, videoxogos...)
- 3.PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL. Traballar a formación en establecemento de relación persoais afectivas e sexuais co fin de identificar as condutas prexudiciais para o desenvolvemento de relación persoais tóxicas. Orientacións para favorecer a non discriminación e a eliminación de estereotipos.
- 4.PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTIFOBIA.

#### 4.2. PRINCIPAIS ÁREAS DE INTERVENCIÓN A NIVEL XERAL

**A)Estereotipos de xénero e doutra índole.** Porque o traballo a prol da erradicación de estereotipos de xénero é fundamental como base inicial para o traballo de prevención da violencia. As consecuencias dos estereotipos de xénero nos roles desenvolvidos por homes e mulleres é evidente. Conxuntamente cos estereotipos de xénero poden analizarse estereotipos relacionados coa raza, orientación sexual, diversidade funcional etc., sempre en

## PLAN XERAL DE IGUALDADE PARA O CURSO 2021-22

función do ciclo no que esteamos a traballar. Resulta de grande interese analizar a relación dos estereotipos de xénero cos que teñen en conta outras variables. Por exemplo: non se dá o mesmo estereotipo dunha muller musulmá (xénero+relixión) que dun home musulmán (xénero+relixión), nin dun home xitano (xénero + etnia) ou dunha muller xitana (xénero + etnia), nin dun home homosexual (xénero + orientación) ou dunha muller lesbiana (xénero + orientación).

**B)Corresponsabilidade e posta en valor do doméstico e o coidado.** Porque historicamente aos varóns se lles asignaron socialmente as tarefas do ámbito social e do produtivo e ás mulleres as tarefas adscritas ao ámbito do doméstico e do coidado. Nas últimas décadas estas asignacións foron mudando, pero seguen a recaer aínda principalmente nas mulleres e estamos lonxe da corresponsabilidade. Ademais, este traballo non foi considerado nin suficientemente valorado socialmente, a pesar de que diversos estudos afirman se se realizasen no mercado remunerado suporían arredor do 30% do produto interior bruto. Trátase, polo tanto, de poñer en valor as tarefas domésticas e de coidado e de traballar polo cambio de roles entre mozos e mozas, que permita camiñar cara a corresponsabilidade de homes e mulleres

**C)O xogo e a orientación profesional.** Porque mediante o xogo os nenos e as nenas interiorizan tamén roles e estereotipos de xénero ao tempo que emulan actividades que fan as persoas adultas. O traballo cos xogos dende un punto de vista non sexista contribuirá a desterrar estes roles e estereotipos. Moi relacionadas cos xogos desenvolvidos maioritariamente pola rapazada están as profesións, masculinizadas e feminizadas segundo en que sector se desenvolven. Así, profesións relacionadas co coidado estiveron tradicionalmente nutridas de mulleres (enfermería, educación infantil...). As relacionadas cos artefactos e a técnica estiverono por homes (mecánica, enxeñerías...) e outras foron desenvolvidas case equitativamente por ambos os dous xéneros.

**D)Visibilización das mulleres nos distintos ámbitos de coñecemento.** Porque é relevante, como se indicou en liñas anteriores, que se dispoña de modelos que funcionen como referente e que poñan en valor a contribución das mulleres ao coñecemento nos seus distintos ámbitos. Durante séculos invisibilizouse o traballo das mulleres; as súas achegas a ámbitos como a literatura ou a ciencia ocultáronse detrás de pseudónimos ou pola atribución dos seus achados aos seus compañeiros varóns. É relevante que nos materiais que utilizamos (libros de texto, libros textos de apoio) se recollan estas contribucións e que se traballe de xeito transversal en todas as materias e campos: ciencia, literatura, deporte etc.

**E) Linguaxe e imaxes non sexistas.** Porque concienciar da necesidade de utilizar unha linguaxe non sexista e inclusiva, que visibilice por igual a homes e mulleres é unha tarefa ardua, que

## PLAN XERAL DE IGUALDADE PARA O CURSO 2021-22

require dun traballo constante. Visibilizar os nenos a as nenas, os mozos e as mozas, os pais e as nais implica poñer tamén en valor a presenza e a contribución das mulleres. Podemos utilizar xenéricos cando sexa posible e, se non o é, incluír ambos os dous xéneros. Na sociedade actual o factor visual ten unha grande importancia no proceso comunicativo, polo que esta vixilancia sobre unha comunicación non sexista debe estenderse ás imaxes empregadas.

**E)Erradicación do sexismo na aula e nos espazos común e micromachismos e potenciar os novos modelos de masculinidade.** Porque os micromachismos son formas de violencia chamados de “baixa intensidade”, prácticas comúns na vida cotiá que resultan case invisibles pero contribúen a perpetuar a desigualdade de xénero. Resultan difíciles de detectar e maniféstanse en condutas, comportamentos e actitudes sexistas pero de carácter moi sutil. Nos últimos anos xurdiron os chamados “novos modelos de masculinidade”, que fan referencia á ruptura dos estereotipos de xénero e que implican o desenvolvemento por parte dos varóns das aptitudes e de tarefas tradicionalmente atribuídas ás mulleres, nomeadamente as relacionadas co ámbito doméstico e do coidado.

### 5.MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN PARA O CURSO 2021-22

#### 5.1. MEDIDAS XERAIS OBRIGATORIAS PARA O PRESENTE CURSO ESCOLAR

Hai que destaca a situación sanitaria actual e é importante que todas as medidas teñan en conta os tres escenarios posibles, presencial, semipresencial e a distancia.

- Realización dun diagnóstico previo de situación da igualdade de xénero e da violencia machista no centro. A poboación de estudo será todos os sectores da comunidade educativa a través de cuestionarios, co obxectivo de analizar a situación da igualdade no noso centro.
- Establecemento da Comisión de igualdade do centro para este curso. É importante que estean representados todos os sectores da comunidade educativa. Nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.
- Creación na páxina web dun espazo para a Comisión de Igualdade
- Activación de protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- Concreción dos obxectivos coeducativos a través do Plan de Convivencia, Plan de Orientación, Plan Xeral de Atención á diversidade e Plan de Acción Titorial.
- Difusión dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización.

## PLAN XERAL DE IGUALDADE PARA O CURSO 2021-22

- Definición das medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero, sempre que sexa necesario.
- Concreción dos contidos dunha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro a través do PAT en colaboración cos distintos departamentos.
- Realización de obradoiros de igualdade de xénero, non discriminación e temática LGBTI para o alumnado e profesorado, así como diferentes actividades formativas específicas sobre obxectivos coeducativos (promoción da igualdade entre mulleres e homes, prevención da violencia de xénero, educación afectivo-sexual, prevención da LGBTIfobia...) colaborando con entidades locais ( Concello) como outras( ARELAS, LILITH, QUEROTE+...)
- Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero, a través do POAP.
- Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial ( 25 de novembro, 11 de febreiro, 8 de marzo, celebracións LGBTI).
- Participación do centro en órganos consultivos ou de decisión para a prevencións da desigualdade e da violencia machista( como por exemplo no Concello na Comisión de Igualdade comarcal)

### 5.2.MEDIDAS ORGANIZATIVAS DE CENTRO

- Favorecer a **representación** de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención as **familias**).
- Promover a **formación** do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Empregar unha **linguaxe** inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Colaborar con outras **entidades** na realización de actividades co educativas.
- Promover pautas de actualización curricular e **revisión do material didáctico** con perspectiva de xénero.
- Participar en **programas específicos** de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo etc.( como por exemplo a liña IGUÁ-T do Contrato Programa para o curso 2020-21)

### 5.3. MEDIDAS PARA A ELIMINIZACIÓN DE ESTEREOTIPOS DE XÉNERO

## PLAN XERAL DE IGUALDADE PARA O CURSO 2021-22

- Revisar as **programacións didácticas** e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente as mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...
- Revisar o **material didáctico** empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).

### 5.4.XESTIÓN DE ESPAZOS, RECURSOS E OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO

- Creación e difusión de información a través dun **tableiro** no centro.
- Fomentar **lecturas coeducativas** a través da biblioteca escolar e as diferentes materias
- Revisar a idoneidade dos **contidos audiovisuais** das actividades do centro dentro dunha cultura de Coeducación.
- Promover a **participación do sexo menos representado** nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.

### 5.5. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA CONVIVENCIA ESCOLAR:

- Contribuír ao **respeto** e do bo trato entre mulleres e homes.
- Promover actividades de **coidado** entre persoas, do medio ambiente etc.
- Fomentar o respecto cara á **diversidade** sexual e de xénero.

## 6. TEMPORALIZACIÓN E RECURSOS

### 6.1.TEMPORALIZACIÓN

- **Temporalización:** todo o curso
- **Responsables:** equipo de Igualdade do centro co apoio do Equipo Directivo e Departamento de Orientación

### 6.2.RECURSOS

- Documentos do centro: PE, PAT, PAD, NOF, plan de convivencia, protocolos (de acoso escolar, de mediación...), normas de convivencia...
- Programacións didácticas.
- Estratexias metodolóxicas: aprendizaxe cooperativa, traballo en grupo, aprendizaxe e servizo...
- Programas específicos de traballo, establecidos nos diferentes plans de centro.
- Materiais elaborados polo propio centro para traballar a igualdade.



## PLAN XERAL DE IGUALDADE PARA O CURSO 2021-22

- Recursos materiais mercados polo centro para traballar a igualdade e coeducación
  - Equipo de Igualdade

### 7.CRITERIOS E INDICADORES PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación, momentos e instrumentos para avaliar este plan, atópanse nos protocolos concretos da aula de convivencia, da mediación, do protocolo de acoso, etc. Porén, identifícanse, con carácter xeral, os seguintes elementos xerais:

#### CRITERIOS XERAIS

- Grao de consecución dos obxectivos.
- Grao de coñecemento, implicación e satisfacción da comunidade educativa.
- Aproveitamento dos recursos materiais, humanos e organizativos
- Calidade e funcionalidade dos materiais elaborados.
- Mellora dos resultados académicos e de conflictividade
- Mellora dos resultados na avaliación de competencias interna e externa

#### TEMPORALIZACIÓN:

A avaliación é continua e trimestral, inicialmente coa análise da convivencia e procesualmente mediante as reunións semanais de coordinación e as estatísticas da conflictividade en titorias, así como das reunións do grupo de Igualdade ( establecer este curso a periodicidade do mesmo). Finalmente coa redacción da memoria final de Igualdade

#### NO TOCANTE A COMISIÓN DE IGUALDADE.CRITERIOS

- Número de alumnado e profesorado que solicita entrar no equipo .
- Grao de implicación e concienciación da comunidade educativa ante o proxecto.Grao de satisfacción do alumnado que acaba o curso de formación.
- Grao de adecuación dos contidos, metodoloxía, materiais e tempos dos cursos de formación.
- Ferramentas: Cuestionarios e enquisas ao alumno que realiza a formación, ao alumnado mediado. Observación directa, rexistros durante as mediacións, comentarios recollidos nas actas e memorias de CCPs, claustros consellos escolares, equipos educativos, etc. e memoria final da comisión de convivencia.

#### NO TOCANTE A PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE XÉNERO E EQUIPO DE IGUALDADE

## PLAN XERAL DE IGUALDADE PARA O CURSO 2021-22

- Criterios: participación e implicación do alumnado nas actividades programadas.  
Idoneidade dos contidos traballados,
- Ferramentas: cuestionarios ao alumnado, memoria final das actividades programadas, análise das conductas do alumnado.

Para rematar dicir que a Comisión de Igualdade do centro realizará un seguimento da posta en marcha do presente plano, co fin de axustar procedementos de actuación que deban ser mellorados, engadidos ou eliminados. Finalizado cada curso escolar, a dinamizadora da convivencia escolar elaborará unha **memoria** ou informe final que deberá incorporarse á memoria final do centro.

Fisterra a 15 de setembro do 2021

Asdo : M<sup>a</sup> Isabel Ulla Cela

